



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
AUGAS DE GALICIA  
Servizo Territorial Zona Galicia Sur



Rúa San Salvador, nº 2 – 4ª planta  
36204 VIGO  
Tfños.: 986 817 197 / 743 / 148  
Fax: 986 817155



Plaza Maruja Mallo 1-1º  
Telf. 986 26 64 77  
Fax 986 26 64 47  
36206 - V I G O

XESTUR PONTEVEDRA  
REXISTRO

ENTRADA N.º 662  
SAIDA N.º \_\_\_\_\_  
DATA 19-5-10

XESTUR PONTEVEDRA

Praza Maruja Mayo 1-1º  
36206 – VIGO (PONTEVEDRA)

**ASUNTO:** NOVO INFORME SOBRE A VIABILIDADE DAS CONEXIÓNS EXTERIORES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO PARA O PARQUE EMPRESARIAL DE A PASAXE (CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO)

Xunto achego informe deste Servizo Territorial sobre o asunto de referencia.

Vigo, 18 de mayo de 2010

ÁREA DE CONCESIÓNS E AUTORIZACIÓNS,

Asdo. Alberto Bosquet Herreros



A súa ref.: DT/AMA/CCG/AA013



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
AUGAS DE GALICIA  
Servizo Territorial Zona Galicia Sur

Plaza Mariña Mallo 1-1º  
Telf. 986 26 64 77  
Fax 986 26 64 77  
36206 - VIGO

XESTUR PONTEVEDRA  
REGISTRO  
augas de galicia

ENTRADA N.º \_\_\_\_\_  
SAIDA N.º \_\_\_\_\_  
DATA 19-5-10

Rúa San Salvador, nº 2 -- 4ª planta  
36204 VIGO  
Tfnos.: 986 817 197 / 743 / 148  
Fax: 986 817155

**ASUNTO: NOVO INFORME SOBRE A VIABILIDADE DAS CONEXIÓNS EXTERIORES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO PARA O PARQUE EMPRESARIAL DE A PASAXE (CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO)**

No Servizo Territorial da Zona Galicia Sur do Organismo Autónomo Augas de Galicia ten entrada con data 26 de abril de 2010 contestación ó informe sobre a viabilidade das conexións exteriores de abastecemento e saneamento para o parque empresarial de A Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo, remitido por Xestur Pontevedra.

A dita documentación consiste no Informe de asolagamento do río Zamáns, de data abril de 2010, con referencia 14.336-IT013, realizado por IDOM SA, como adxudicataria da redacción do Proxecto Sectorial e de Urbanización. O obxecto do informe presentado é mellora-lo estudo hidráulico anterior presentado para recoller a modificación xerada polas edificacións existentes nas chairas de asolagamento, analiza-la variación do comportamento hidráulico do río coa actuación a realizar e delimitar a Zona de Fluxo Preferente.

Desde este Servizo Territorial advirten que o límite do ámbito recolle parcelas que se atoparían afectadas pola avenida con período de retorno de 100 e 500 anos, que teñen ademais, expedientes sancionadores en tramitación por este Organismo Autónomo, por ocupación de zona de servidume e construción de obras en zona de policía sen a preceptiva autorización, polo que consideran que **ó ser afectadas pola enchentes con ditos períodos de retorno deberían excluírse do ámbito do Proxecto Sectorial e de Urbanización para poder emitir informe favorable ó dito proxecto.**

Ademais deberán terse en conta os seguintes condicionantes:

- a) O plan parcial e/ou o proxecto de desenvolvemento, deberán someterse á preceptiva autorización deste Organismo de Bacía, ó que afectar ó Dominio Público Hidráulico e



as zonas contempladas na Lei de Augas Título 1º Capítulo primeiro e segundo. Serán consideradas as indicacións establecidas no Plano Hidrolóxico de Galicia Costa, ademais das establecidas da vixente Lei de Augas e no seu Regulamento. Tal como ven na normativa de Augas de Galicia as obras de nova construción estarán dimensionadas para un período de retorno de 500 anos. Para a súa aprobación debera xustificarse adecuadamente:

- a. A suficiente capacidade do sistema de abastecemento de auga potable ou as medidas e obras a implementar para o seu axeitado aumento
- b. Unha adecuada rede de saneamento de augas residuais e pluviais e os tratamentos necesarios, primario en principio e mais tanque(s) de tormentas para o vertido de augas pluviais, e que os sistemas de depuración existentes son suficientes ou a necesidade de construír novas instalacións (EDAR) como complemento de ditos planes.
- b) Os proxectos de construción que afecten ó Dominio Público Hidráulico, a súa zona de servidume e de policía deberán tramitarse ante este Organismo para a súa autorización.
- c) Deberán terse en conta tamén os Criterios de usos de áreas asolagables para a realización de calquera tipo de obra ou modificación no relevo natural dos terreos.
- d) Con carácter xeral non serán autorizables os encanamentos cubertos de leitos. Os ríos, regatos e outras correntes de auga non poderán ser canalizados mediante conducións subterráneas excepto nos pasos de estradas e rúas. No suposto de que sexa necesaria a cobertura provisional dun leito se a conca e superior a 0,50 km<sup>2</sup>. a sección será visitable cunha altura de ó menos 1,80 m. e unha anchura superior a 1,50 m.
- e) Débese ter especial coidado coa modificación do sistema natural de drenaxe coa alteración nos fluxos na aportación á bacía, debéndose estudar con detalle os efectos directos ós leitos e á vexetación da ribeira, que deben minimizarse, respectando ás áreas vertentes ás valgadas, sen que se produzan incorporacións de augas que causen sobreelevacións importantes a corrente receptora.
- f) Non se poderá realizar ningún tipo de construción na zona de servidume de leitos salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico





ou para á súa conservación e restauración. Nas zonas de fluxo á que se refire o artigo 9.2 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico na súa redacción modificada mediante o RD 9/2008 do 11 de xaneiro, só se poderá autorizar actividades non vulnerables ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro.


- g) Para o caso de cruces ou leitos de pequena entidade, buscaranse as mesmas condicións naturais do río no interior da obra de drenaxe elixida, favorecendo o paso dos peixes; no emprego de marcos a estrutura deberá quedar 40 cm. por debaixo do leito natural do río e a súa pendente nunca sobrepasará o 1% debendo evitarse á saída do marco un salto que provoque o socavamento do leito fluvial augas abaixo e impida o remonte das especies piscícolas migradoras.
- h) As obras de defensa de marxes, os muros, coeiras, etc. se executarán fora do dominio público hidráulico, é dicir, fora do límite da media das avenidas ordinarias e nunca deberán sobrepasar en altura a cota do terreo natural. Non se reducirá a sección hidráulica do río.
- i) En xeral debe reducirse a posible incidencia no espazo fluvial composto polo leito e os noiros que o conforman (coa correspondente vexetación de ribeira), así como na zona asolagable e na de fluxo preferente que contribúen ó sostemento dos ecosistemas fluviaes e da dinámica natural dos ríos, base para o bo estado ecolóxico a que nos empra a Directiva Marco da Auga para o ano horizonte 2015.
- j) As obras de paso de leitos ou valgadas deberán estar dimensionadas para evacuar o máximo caudal previsto e dar saída ós materiais de arrastre do río.

Vigo, 18 de maio de 2010

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

Asdo. Alberto Bosquet Herreros





	AVENIDA 500 años
	CAUCE NORMAL
	USO LUCRATIVO
	EQUIPAMENTO
	ZONA VERDE
	VIALES
	LÍMITE DO ÁMBITO

REV.	DATA	OBXECTO REVISIÓN	REALIZADO	COMPROBADO
PROMOTOR: <b>XESTUR PONTEVEDRA S.A.</b>				
PROXECTO: INFORME DE INUNDABILIDAD PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE N.E.: 14.336				
CONSULTOR: 		AUTORES DO PROXECTO:		
TÍTULO DO PLANO: LÁMINAS DE INUNDACIÓN. AVENIDA 500 ANOS		ESCALA: A3 1:2.500	DATA: ABRIL 2009	
		Nº PLANO: 2	FOLLA 2 DE 4	